

## Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 01 de febreiro de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do 01 de febreiro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 17 de xaneiro de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenzas de primeira ocupación.
- 5º.- Licenzas de obra maior.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2018.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 17 de xaneiro de 2018

### **SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANGEL JESUS MATILLA CARRO, con domicilio en Avda. Vicente Ramos nº 16, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de encintado das paredes da edificación sita na Rúa Gafo nº1, Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA ESTHER SOTO VAZQUEZ, con domicilio en Avda. de Noia nº 38, Local 8, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Avd. dos Ánxeles 8, baixo B, Os Ánxeles:

- Cambiar bañeira por ducha.
- Pintar o interior da edificación.
- Substituír azulexos da terraza.
- Anular ocos do pasillo.
- Substituír a porta da terraza.

A parcela onde se pretenden realizar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DAVID SUAREZ FREIRE, con domicilio en Trasouteiro 2, Brión, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Trasouteiro 2, Brión, substituíndo as uralitas existentes por outras novas.

A parcela aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que, en canto poda, cubra as pranchas de uralita con tella do país.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MERCEDES CALVO CREGO, con domicilio en Vidaloiro 5, Bastavales, na que comunica que vai realizar obras de colocación de tubos de formigón, de 50 cm. de sección e 4 metros de lonxitude, para acceder á finca con referencia catastral 15013A049002480000UD, de Vidaloiro, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro do ámbito de solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se repoña ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Sandra Ortega Mera, que di actuar en representación da FUNDACION PAIDEIA (CULTIGAR), con domicilio en Liñares 53, Brión, na que

solicita licenza para a colocación dun cartel informativo de CULTIGAR na vía pública de titularidade municipal, na aldea de Liñares.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O cartel situarase aproximadamente a 5,5 m. do eixe do vial principal e a 4 m do eixe do camiño perpendicular (segundo plano adxunto ao informe da arquitecta municipal), sen apoiarse nos peches privados existentes.

- O cartel non debe ser semellante aos utilizados polo concello para indicar os núcleos rurais.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ROSA MARIA ALVAREZ GOMEZ, con domicilio na Praza de Santo Antonio 4, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para tirar parte do muro de peche (50 cm.) para agrandar a entrada principal da casa para poder acceder cun vehículo, na Praza de Santo Antonio 4, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras, atópase dentro da delimitación do solo clasificado como resto do solo urbano consolidado pola edificación (UC2) do PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza 2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 09/01/2018 (expediente 2293/17), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE ANTONIO CANOSA LEIS, con domicilio en Saíme 7, Bastavales, na que solicita licenza de obra para construír un muro de peche de 70 m. de lonxitude, con base de formigón ata 40 cm. e arame por encima ata unha altura máxima de 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo e a 5 m. do eixe do camiño, en Saíme 7, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 09/01/2018 (expediente 2329/17), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por BEGOÑA GONZALEZ NIEVES, con domicilio no lugar de Brión de Abaixo 31, Brión, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada no lugar de Brión de Abaixo nº 31.

Con data 20/08/2004 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Jesús Manuel Regueiro Montaos para construír unha vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra das arquitectas M. Carmen García González e Carmen Rey López, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 08/09/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por XOSE VAZQUEZ CASTRO, con domicilio en Coruxido 53, Bastavales, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Coruxido 53, Bastavales.

Con data 20/01/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Xosé Vázquez Castro para construír unha vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Agustín Concheiro Riande, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 19/09/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ROSA MARIA GARCIA CARBIA e CLAUDIO ALEJANDRO STRAZZULLA VARSAVSKY, con domicilio en Avda. da Peregrina nº1, 2ºB, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar en Estrar 14, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/10/2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral nº 7240203NH2474S0001ZW) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/10/2017.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento,

saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

.- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

.- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 43,10 m<sup>2</sup> para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 24 de xaneiro de 2018.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González